



## RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

En cumprimento da Resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG nº188, do 29 de setembro), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, e aplicando o disposto no Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG do 29 de abril), modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril (DOG do 17 de maio), e os decretos 324/1996, do 26 de xullo, 374/1996, do 17 de outubro, e 7/1999, do 7 de xaneiro, que establecen as condicións de celebración das eleccións dos membros dos consellos escolares nos centros docentes, por corresponder no curso 2021-2022 a renovación dos consellos escolares, xa que dada a situación derivada da crise sanitaria xerada pola pandemia da Covid-19 durante o curso 2020/2021 fixo necesario o aprazamento da celebración das eleccións por Resolución do 22 de outubro de 2020, da SX de Educación e FP, comézase o proceso regulamentario.

### ¿QUE É O CONSELLO ESCOLAR?

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan os distintos membros da comunidade escolar na organización do Centro.

#### COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

CENTROS DE 3, 4 ou 5 UNIDADES  
(Decreto 374/1996 do 17 de outubro/ DOG 21 de outubro... artigo 37\*)

- O/A **director/-a**, que será o seu presidente.
- Dous/dúas **profesores/-as**, elixidos/-as polo claustro.  
(Un/unha deles/-as actuará como secretario/-a do Consello, con voz e voto no mesmo)
- Dous representantes dos **pais/nais** ou titores legais dos alumnos/-as.
- Un **concelleiro/-a** ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.
- 

#### MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR QUE CORRESPONDE RENOVAR

- Un profesor/a, elixido polo claustro.
- Un representante dos pais/nais ou titores legais proposto/-a pola ANPA.
- Un concelleiro/a ou representante do Concello.





**CALENDARIO PARA A POSTA EN MARCHA DO PROCESO DE ELECCIÓN  
DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR.**

**19 de outubro de 2021, martes:**

Publicación no taboleiro de anuncios do centro da data e hora na que se procederá ao sorteo público para a designación dos **membros da Xunta Electoral. (A directora, un pai/nai, e un mestre/a).**

**26 de outubro de 2021, martes:**

Sorteo público, ás **11:40 h**, na entrada do colexio, para a designación dos **membros da Xunta Electoral. (Titulares e suplentes).**

**02 de novembro de 2021, martes:**

Constitución e **primeira reunión da Xunta Electoral.**

Acta da súa constitución.

**Aprobación do calendario de actuacións.**

Publicación no taboleiro de anuncios do centro da convocatoria de elección de mestres e dos correspondentes **censos electorais.**

**Solicitude ao Concello e ANPA** da designación dos seus representantes.

Período de reclamación sobre os censos: ata o día 10 de novembro de 2021.

O calendario de actuacións aprobado pola xunta electoral será notificado aos sectores educativos o día **03 de novembro de 2021.**

Bóveda, outubro 2021.

